

Estudo Salarios. Salarios desde o punto de vista do pagador

Datos correspondentes ao ano 2024

31/07/2025

Principais resultados

- En 2024, o custo total bruto por persoa traballadora en Galicia foi de 33.878 euros, un 5,2 % máis que no ano anterior.
- O custo laboral neto foi de 33.642 euros por persoa traballadora, unha vez deducidos 236 euros en conceptos de subvencións e deducións das Administracións Públicas para fomentar o emprego e a formación profesional.
- En 2024, o custo laboral medio por persoa traballadora en Galicia representou o 90,3 % da media nacional, 1,2 puntos máis que en 2023.

1. Introducción

Neste apartado analízanse os custos laborais medios relacionados coa contratación das persoas traballadoras a partir dos resultados da "Encuesta Anual de Coste Laboral". O obxectivo principal desta enquisa é coñecer os niveis das distintas compoñentes do custo laboral. Nesta enquisa investíganse as contas de cotización das empresas con actividade nos tres grandes sectores económicos: industria, construción e servizos (agás as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico).

2. Evolución do custo laboral medio por persoa traballadora

Evolución do custo laboral medio por persoa traballadora. Galicia e España

Unidade: Euros


	España			Galicia		
	Custo laboral bruto	Subvencións e deducións	Custo laboral neto	Custo laboral bruto	Subvencións e deducións	Custo laboral neto
2015	30.708	217	30.491	27.133	183	26.950
2016	30.528	217	30.311	27.055	189	26.867
2017	30.745	209	30.536	27.565	177	27.388
2018	31.086	202	30.883	27.990	187	27.803
2019	31.835	203	31.632	29.041	185	28.856
2020	31.150	184	30.966	28.651	170	28.481
2021	32.907	196	32.711	29.854	211	29.643
2022	34.286	227	34.059	30.817	249	30.568
2023	36.131	233	35.897	32.200	288	31.912
2024	37.525	216	37.309	33.878	236	33.642

INE. Encuesta anual de coste laboral. Extraído de <http://www.ine.es>

O custo total por persoa traballadora en Galicia, en termos brutos, foi de 33.878 euros durante o 2024, un 5,2 % máis que no ano anterior. En España, o custo laboral bruto incrementouse un 3,9 % en 2024. O custo laboral neto foi de 33.642 euros por persoa traballadora en Galicia en 2024, unha vez deducidos 236 euros en conceptos de subvencións e deducións recibidas das Administracións Públicas para fomentar o emprego e a formación profesional.

Evolución do custo laboral bruto por persoa traballadora. Galicia e España

Unidade: Euros



Fonte: INE. Encuesta anual de coste laboral. ([descarga da táboa](#))

3. Estrutura do custo laboral bruto por persoa traballadora

Estrutura do custo laboral bruto por persoa traballadora. Galicia e España

Unidade: Euros e porcentaxes

	2001					2024				
	España (Euros)	Galicia (Euros)	España (%)	Galicia (%)	Peso Galicia / España	España (Euros)	Galicia (Euros)	España (%)	Galicia (%)	Peso Galicia / España
Custo laboral bruto	22.616	20.091	100,0	100,0	88,8	37.525	33.878	100,0	100,0	90,3
Soldos e salarios	16.561	14.583	73,2	72,6	88,1	27.559	24.666	73,4	72,8	89,5
Cotizacións obrigatorias	5.137	4.693	22,7	23,4	91,4	9.000	8.375	24,0	24,7	93,1
Beneficios sociais	397	432	1,8	2,2	109,0	519	418	1,4	1,2	80,7
. Cotizacións voluntarias	149	117	0,7	0,6	78,4	191	114	0,5	0,3	59,7
. Prestacións sociais directas	229	300	1,0	1,5	131,1	311	288	0,8	0,9	92,7
. Gastos de carácter social	18	15	0,1	0,1	83,0	16	16	0,0	0,0	98,4
Indemnizacións por despedimento	128	64	0,6	0,3	49,6	186	148	0,5	0,4	79,7
Gastos en formación profesional	79	53	0,3	0,3	67,1	78	131	0,2	0,4	167,5
Gastos derivados do traballo	314	267	1,4	1,3	84,9	184	140	0,5	0,4	75,9
. Gastos en transporte	18	13	0,1	0,1	76,5	10	8	0,0	0,0	78,9
. Outros gastos	297	253	1,3	1,3	85,4	174	132	0,5	0,4	75,8

INE. Encuesta anual de coste laboral. Extraído de <http://www.ine.es>

En 2024, o custo laboral medio por persoa traballadora en Galicia representou o 90,3% da media nacional.

O 72,8 % do custo total en Galicia destinouse a salarios (24.666 euros por persoa traballadora) e o 24,7 % a cotizacións obrigatorias á Seguridade Social (8.375 euros por persoa traballadora).

Do resto de partidas que compoñen o custo, 418 euros anuais por persoa traballadora destináronse a beneficios sociais, 148 corresponderon a indemnizacións por despedimento, 131 euros a formación profesional e 140 a gastos derivados do traballo (transporte ata o lugar de traballo, indemnizacións por fin de contrato, pequenas ferramentas e roupa de traballo, ...).

4. Evolución do peso do custo laboral bruto de Galicia no total nacional por sectores de actividade

Evolución do peso do custo laboral bruto de Galicia no total nacional por sectores de actividade
Unidade: Porcentaxes

Tempo	Peso Total	Peso Industria	Peso Construción	Peso Servizos
2015	88,4	86,4	92,8	87,4
2016	88,6	88,8	90,1	87,3
2017	89,7	88,8	90,3	88,7
2018	90,0	91,1	95,8	87,9
2019	91,2	92,8	99,5	88,8
2020	92,0	93,7	97,4	89,8
2021	90,7	91,1	98,8	89,1
2022	89,9	89,9	98,7	88,2
2023	89,1	91,3	100,0	86,8
2024	90,3	93,1	97,9	88,0


INE. Encuesta anual de coste laboral. Extraído de <http://www.ine.es>

Tal e como se observou no apartado anterior, o custo laboral medio por persoa traballadora en Galicia representou no 2024 o 90,3 % da media nacional. Nos tres sectores considerados, o custo laboral medio de Galicia é inferior ao nacional.

En 2024, as diferenzas con España reducíronse no sector industrial e servizos. No sector da construción de Galicia, que en 2023 tiña un custo laboral medio igual ao do conxunto nacional, o custo medio sitúase no 97,9 % da media nacional dese sector.

Evolución do custo laboral medio por persoa traballadora. Galicia e España

Unidade: Porcentaxes



Fonte: INE. Encuesta anual de coste laboral. ([descarga da táboa](#))

5. Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

Metodoloxía

- [Metodoloxía](#)

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Custo laboral medio por persoa traballadora por sectores de actividade e compoñentes do custo](#)